

## LISTA DE ASISTENTES

Alonso Vega, María Flora  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Fernández Fernández, Federico A.  
Fernández Iglesias, Manuel  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
González Santamaría, Pedro  
Martínez Martín, M<sup>a</sup> José  
Mejuto Fernández, Juan Carlos  
Pena Uris, Gloria M.  
Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
Zas Varela, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 8 de febreiro de dous mil dezaoto, convocada para as 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda na Salas de videoconferencia de:

- Vigo: Local UVigoTV, Praza Miralles, Local A3A
- Ourense: Servizos Centrais Multimedia. Biblioteca Central, Segunda planta
- Pontevedra: Servizos Centrais Multimedia, Facultade de Ciencias Sociais, 1<sup>o</sup> planta, Seminario 5

O día **8 de febreiro de 2018** ás 10:00 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 1 de febreiro de 2017.
2. Aprobación, se procede, do calendario de eleccións ao reitor/a e ao Claustro Universitario.
3. Aprobación, se procede, das modificacións do procedemento de eleccións a reitor/a e ao Claustro Universitario.
4. Aprobación, se procede, da situación das mesas electorais para o sector de PAS nas eleccións a reitor/a e ao Claustro Universitario.
5. Delegación, se procede, na secretaria da Comisión Electoral da elaboración dos censos
6. provisionais.
7. Delegación, se procede, na secretaria da Comisión Electoral do modelo de candidaturas.
8. Asuntos varios.

### **Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 1 de febreiro de 2017.**

Non se presentan alegacións á acta, polo que se aproba por asentimento.

### **Punto 2. Aprobación, se procede, do calendario de eleccións ao reitor/a e ao Claustro Universitario.**

Antes de tratar este punto, o profesor Mejuto Fernández formula a posibilidade de retrasar a realización das eleccións ata a entrada en vigor dos Estatutos da Universidade de Vigo recentemente aprobados, xa que ao variar as porcentaxes de representantes no Claustro e, polo tanto, a ponderación dos votos na elección a reitor, os resultados poderían ser distintos que cos actuais Estatutos.

O presidente da Comisión e a secretaria explican que esa fora a intención inicial do equipo reitoral, pero tras realizar as pertinentes consultas, estímase que a publicación dos novos estatutos e, polo tanto a súa entrada en vigor, non se producirá antes do mes de xuño. Retrasar ata ese momento o inicio do proceso electoral retrasaría as eleccións ata os meses de setembro-outubro. Non estando contemplada en ningunha normativa o mantemento do reitor en funcións nestas circunstancias, crearíase unha situación de inseguridade xurídica. Tamén aclaran que a competencia de convocar as eleccións corresponde ao reitor, tras a aprobación da Mesa do Claustro e o Consello de Goberno. Tras esta decisión é competencia da Comisión Electoral establecer o procedemento e calendario para as mesmas.

Presenta o presidente o calendario electoral proposto para as eleccións de representantes ao Claustro Universitario e para as eleccións a reitor, coincidentes en prazos, excepto polo feito de que neste último é preciso prever unha votación en segunda volta.

Comenta tamén os pasos xa iniciados, como a aprobación do agrupamento de centros para as circunscricións electorais no sector PDI-B pola sesión do Claustro Universitario do 18 de xaneiro, así como o mantemento da interpretación dos artigos 32 e 57 dos Estatutos da Universidade que fora aprobada na sesión de Consello de Goberno de 22 de marzo de 2010.

O profesor González Santamaría require información sobre ditos agrupamentos. Informa a secretaria xeral do seu contido e de que están a disposición da comunidade entre os acordos do Claustro.

Preséntase tamén o calendario das reunións que deberá manter a comisión electoral para os distintos pasos no procedemento.

Apróbase por asentimento o calendario de eleccións ao reitor/a e ao Claustro Universitario (**Anexo I**).

### **Punto 3. Aprobación, se procede, das modificacións do procedemento de eleccións a reitor/a e ao Claustro Universitario.**

Explica o presidente da Comisión que o procedemento que se presenta á consideración da Comisión é o mesmo co que se desenvolveron as anteriores eleccións, pero que no documento enviado coa convocatoria indícase en cor vermella dúas propostas que foran realizadas con anterioridade na propia Comisión, para valorar a súa inclusión.

a) No artigo 13.2 do Procedemento de eleccións á membros do Claustro (e o equivalente na elección a reitor) propuxérase modificar o texto actual:

*“No caso de que dous ou máis candidatos ou candidatas obteñan o mesmo número de votos darase preferencia para a proclamación á persoa de maior antigüidade, no sector correspondente, na Universidade de Vigo”, coa eliminación de “no sector correspondente”.*

Explica o presidente da Comisión que a proposta que se formula é non considerar dita modificación.

Tras un breve intercambio de opinións, apróbase manter o artigo 13.2 na súa redacción orixinal.

b) A segunda proposta afecta ao artigo 24.1. de eleccións á membros do claustro (e o equivalente na elección a reitor), na que se propón engadir á redacción orixinal un engadido (texto subliñado):

*“Cada mesa electoral estará composta por un/unha membro de cada un dos catro sectores electorais que figuran no artigo 2, que se designarán por sorteo público realizado pola Xunta Electoral do centro de entre os/as que figuran no respectivo censo electoral do centro. O membro do PAS será sorteado entre todo o persoal de administración e servizos ao que lle corresponda votar na mesa dese centro”.*

Apróbase por asentimento.

Propón o presidente que se inclúa no artigo 8.3 do Procedemento de eleccións á membros do Claustro (e o equivalente na elección a reitor) a posibilidade de realizar as reclamacións aos censos mediante procedementos telemáticos. Considérase que se debe crear unha conta de correo electrónico específica para presentar ditas reclamacións.

Acéptase a modificación deste punto e acórdase a redacción nos termos seguintes:

*3. As reclamacións formularanse perante a Comisión Electoral, mediante escrito razoado dirixido á presidencia e entregado no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares ou por vía telemática. A Secretaría Xeral comunicará o procedemento no momento de publicar os censos provisionais.*

No momento da publicación indicárase expresamente a dirección de correo electrónico creada a tal fin.

Establécese un debate arredor dos censos electorais, as dificultades para a súa elaboración e os problemas detectados. O profesor González Santamaría reflexiona sobre a inclusión no censo de persoas que están contratadas por períodos curtos. A secretaria xeral dá lectura á interpretación dos artigos 32 e 57 dos Estatutos, no que se definen as persoas que forman parte do PDI-B, e o presidente aclara que, como en todas as eleccións, teñen dereito a tomar parte das eleccións aquelas persoas que estean incluídas nos censos definitivos no momento da súa aprobación.

O Sr. Federico Fernández lembra que debe evitarse que persoas que son estudantes e ao mesmo tempo PAS ou profesores formen parte do censo nos dous sectores.

O presidente indica que a Secretaría Xeral tomará todas as precaucións necesarias para evitar erros nos censos, pero destaca que para a súa corrección está o período de revisión dos mesmos.

O profesor Mejuto Fernández subliña a repetición dun parágrafo nos artigos 24 e 25 do procedemento de elección a reitor. Acórdase a súa corrección.

Solicita tamén que se inclúa a interpretación da sentenza das anteriores eleccións a reitor no procedemento, nos artigos 24 e 25 do procedemento. Acórdase delegar na Secretaría Xeral a redacción consonte á sentenza.

#### **Punto 4. Aprobación, se procede, da situación das mesas electorais para o sector de PAS nas eleccións a reitor/a e ao Claustro Universitario.**

Propónse a aprobación da relación presentada coa convocatoria, elaborada por Secretaría Xeral.

O Sr. Federico Fernández pregunta por como se vai levar a cabo no caso das dúas sedes da Escola de Enxeñaría Industrial. Responde a secretaria que realizarase unha distribución do PAS en función da súa localización en cada sede.

Solicítase tamén que se inclúa tamén como centro específico o Anexo a Xerencia.

Apróbase por asentimento con ditas modificacións.

**Punto 5. Delegación, se procede, na secretaria da Comisión Electoral da elaboración dos censos provisionais.**

Lembra o presidente que, segundo o calendario proposto, a resolución das reclamacións aos censos provisionais e a aprobación dos definitivos realizarase na próxima xuntanza da Comisión Electoral.

Apróbase por asentimento.

**6. Delegación, se procede, na secretaria da Comisión Electoral do modelo de candidaturas.**

Apróbase por asentimento.

**7. Asuntos varios.**

O Sr. Federico Fernández reitera a súa solicitude doutras ocasións, de que nas zonas de votación se habilite un espazo que preserve o segredo do voto e, tamén, que aos membros PAS das mesas se lle recoñeza o día das votacións.

Esta solicitude faise extensiva aos membros do PDI por parte da Comisión.

O profesor González Santamaría solicita que se envíe o número de representantes do PDI-B por circunscrición e tamén que se habilite a conexión por Adobe Connect para participar nas sesións da comisión electoral cando non sexa posible o desprazamento.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:55 h do día oito de febreiro de 2018, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria Mª Pena Uris